

CONTRATO DO XOGO ENTRE SOCIEDAD ESTATAL LOTERÍAS Y APUESTAS DEL ESTADO, S. M. E., S. A. (SELAE) E O PARTICIPANTE (o «Contrato do Xogo» ou o «Contrato»)

A) IDENTIFICACIÓN DAS PARTES CONTRATANTES

O presente Contrato do Xogo é suscrito, dunha parte, por Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado, S. M. E., S. A. (no sucesivo, «**SELAE**» ou o «**Operador**»), domiciliada en c/Poeta Joan Maragall 53, 28020 (Madrid) e o seu NIF é A86171964, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, no tomo 28078, folio 202, sección 8.ª, folla M- 505970, inscrición 1.ª; e, doutra parte, polo «**Participante**», ou o «**Usuario**» con domicilio en España, cuxos datos persoais son os se consignaron no formulario de rexistro que SELAE puxo á súa disposición para tal efecto.

SELAE é un dos operadores designados, de forma indefinida, para a comercialización dos xogos de loterías regulados na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, de acordo coa súa disposición adicional primeira.

Por outro lado, SELAE é titular das tres licenzas xerais do xogo (outros xogos, apostas e concursos) e dúas licenzas singulares (apostas deportivas mutuas e apostas hípcas mutuas) que se detallan no rexistro da Dirección Xeral de Ordenación do Xogo («**DXOJ**») accesible na seguinte ligazón: <https://www.ordenacionjuego.es/es/op-SELAE>

B) OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO

O presente Contrato ten por obxecto regular a relación xurídica entre o Operador e o Participante, derivadas da participación deste último nos xogos ofrecidos polo Operador, mediante a súa plataforma, accesible baixo o dominio «loteriasyapuestas.es» ou as aplicacións oficiais para móbiles de SELAE, e vinculados ao Contrato os rexistros de usuario e a conta do xogo.

O Contrato do Xogo ten natureza de contrato de adhesión e formalizarase pola aceptación expresa do Participante dos termos previstos na cláusula seguinte.

SELAE ofrece os seus xogos por Internet con ámbito estatal e, para tal efecto, realízaos baixo unha extensión «.es». En ningún caso poderá entenderse que SELAE ofrece a participación nos seus xogos fóra do devandito ámbito territorial.

C) ACEPTACIÓN DO CONTRATO POLO PARTICIPANTE

O presente Contrato deberá ser expresamente aceptado polo Participante para poder participar nos xogos ofrecidos por SELAE. A súa aceptación supón tamén a aceptación das regras particulares dos xogos, que se encontran definidas no apartado D) seguinte.

Así mesmo, o rexistro e a participación nas actividades do xogo ofrecidas a través da Plataforma requiren a aceptación expresa das Condicións de Uso que o regulan e das estipulacións establecidas sobre o tratamento e a protección de datos persoais.

O Participante deberá manifestar a aceptación expresa do Contrato do Xogo mediante calquera dos mecanismos habilitados polo Operador para tal efecto. Os devanditos mecanismos serán igualmente utilizados para a aceptación expresa de calquera modificación posterior do Contrato do Xogo e para o desenvolvemento da relación xurídica entre as partes. Para tal efecto, o Operador porá á disposición do Participante, mediante o seu rexistro de usuario, unha copia do Contrato do Xogo dispoñible para a súa descarga e das eventuais modificacións deste, que requiran a súa aceptación expresa.

D) DEFINICIÓNS

No presente Contrato, as seguintes expresións entenderanse segundo se expón a seguir:

- **Conta do xogo:** Entendemos por conta do xogo aquela conta aberta polo Participante e vinculada ao seu rexistro de usuario na cal se anoten todos os movementos económicos de aboamentos e cargos relacionados co xogo.
- **DXOX:** Significa Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, ou a entidade que, en cada momento, teña competencias de supervisión e ordenación do xogo por medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos comercializados con ámbito estatal.
- **Lotobolsa:** Moedeiro virtual que funciona como a conta do xogo, para o pagamento das operacións efectuadas e, de ser o caso, para o cobro de premios de contía inferior a 2000 euros, sometida a certos límites regulados nos apartados E) e F) do presente Contrato. O saldo da lotobolsa non devindicará remuneración nin xuros para os Participantes.
- **Participación en liña nalgún dos xogos de SELAE (a «Participación»):** Consiste na adquisición dunha parte dunha ou varias apostas dalgún xogo comercializado por SELAE na súa plataforma, de maneira individual ou en conxunto con outros usuarios rexistrados na plataforma. Esta adquisición prodúcese por mor da compra directa a SELAE dunha aposta (por parte dun ou de varios xogadores rexistrados).
- **Plataforma en liña de comercialización de SELAE (a «plataforma»):** É o conxunto de hardware e software que permite o acceso á comercialización dos xogos de SELAE desde canles interactivas remotas en liña, inclusive ordenadores persoais, móbiles e todos os dispositivos de usuario que poidan conectarse con estes a través de Internet. Este sistema realiza, entre outras cousas, as funcións de xestión de rexistros de usuario e contas do xogo, elaboración, adquisición e formalización de prognósticos ou participacións, cobro dos importes preceptivos, aboamento de premios derivados, así como notificación destes ao Participante.
- **Rexistro de usuario:** Entendemos por rexistro de usuario o rexistro único que permite ao Participante acceder ás actividades do xogo do Operador e onde se recollen, entre outros, os datos que permiten a identificación do Participante e os que tornan posible a realización de transaccións económicas entre este e o Operador.
- **Regras particulares dos xogos:** Regulamentación básica e normas particulares dos xogos ofrecidos a través da plataforma, que están á disposición do Participante na plataforma.
- **Sistema Central de xogos:** É o conxunto de hardware e software de SELAE que tramita a realización de todas as actividades relacionadas coa xestión de xogos e sorteos de SELAE, inclusive a consolidación de todas as apostas recibidas desde canles presenciais a través de terminais e canles interactivas remotas en liña.

E) REXISTRO DE USUARIO

i.- Apertura e activación do rexistro de usuario. Outras accións que poden realizarse no momento do rexistro:

Para a apertura do rexistro de usuario, que será único para cada Participante, este deberá achegar, mediante a plataforma, os datos, documentos identificadores e información noutros formatos (inclusive vídeo) que foren requiridos para:

- Contrastar a súa identificación.
- Asociar o domicilio fiscal en España declarado polo Usuario
- Comprobar que non está inmerso en ningunha prohibición subxectiva de participación no xogo das previstas na normativa reguladora do xogo e que o Operador ten obriga legal de controlar (véxase apartado seguinte ii).
- Garantir a seguridade das transaccións.
- Cando SELAE o requirir, identificar o seu punto de venda asociado, de entre os puntos de venda da rede presencial de comercialización de SELAE.

O Rexistro de usuario recollerá os datos precisos para o bo funcionamento da súa Conta do xogo. En ningún caso o Participante poderá dispor de máis dun rexistro de usuario activo.

O Operador contrastará a súa identidade ao comprobar a concordancia dos datos coas ferramentas facilitadas pola DXOX para o efecto e as outras que estimar pertinentes, e comprobará a veracidade da súa identidade, ben como a non incursión, por parte do Usuario, en causa de prohibición subxectiva, en tempo real, de acordo co procedemento de comprobación e verificación que en cada momento se establecer na normativa do xogo. Superados os requisitos establecidos activarase o Usuario, sen prexuízo de que, ata se verificar documentalmente a identidade do Participante, se aplicarán as limitacións reguladas no apartado (iii) seguinte.

De non poder comprobarse ou verificarse, seguiranse os procedementos establecidos na normativa do xogo, que poden resultar na denegación da apertura do rexistro de usuario. As comprobacións de identidade e non incursión en prohibicións subxectivas procesanse empregando os servizos despregados para o efecto por parte da DXOX

O Participante deberá manter debidamente actualizado en todo momento o rexistro de usuario e modificar aquela información que puider sufrir variacións a través das ferramentas que SELAE pon á súa disposición.

Durante o proceso de rexistro, o Participante deberá comunicar unha conta bancaria, para asociar co seu rexistro de usuario. O Participante deberá manter debidamente actualizada a conta bancaria asociada. Dita asociación deberá verificarse de forma obrigatoria no momento no cal o Participante quixer realizar movementos de saída de fondos (por exemplo, descargar a súa lotobolsa ou cobrar premios de importe igual ou superior a 2000 euros). A conta bancaria debe estar aberta nunha entidade financeira autorizada para operar en España e ser da titularidade do Participante. SELAE reserva o dereito a limitar a posibilidade de asociar unha mesma conta bancaria a máis dun rexistro de usuario se, por razóns normativas, ou por razóns de prevención de condutas fraudulentas, for oportuno.

O Operador do xogo poderá denegar o rexistro de usuario daqueles Participantes cuxa Conta do xogo fose previamente cancelada polas circunstancias contempladas nos apartados E) v. (ii), (c) e (e).

ii.- Prohibicións subxectivas para participar nos xogos:

De conformidade co previsto no artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, prohibese o rexistro e a participación nos xogos:

- a) Aos menores de idade e incapacitados legalmente, ou por resolución xudicial, de acordo co que estableza a normativa civil.
- b) Ás persoas que voluntariamente solicitasen que lles fose prohibido o acceso ao xogo ou que o teñan prohibido por resolución xudicial firme.
- c) Os accionistas, propietarios, partícipes ou titulares significativos do Operador do xogo, o seu persoal directivo e empregados directamente involucrados no desenvolvemento dos xogos, así como os seus cónxuxes ou persoas con quen convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao, nos xogos que xestionen ou exploten aqueles, con independencia de a participación nos xogos, por parte de calquera dos anteriores, se producir de maneira directa ou indirecta, a través de terceiras persoas físicas ou xurídicas.
- d) Os deportistas, adestradores ou outros participantes directos no acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta.
- e) Os directivos das entidades deportivas participantes ou organizadoras verbo do acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta.
- f) Os xuíces ou árbitros que exerzan as súas funcións no acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta, ben como as persoas que resolvan os recursos contra as decisións daqueles.
- g) O presidente, os conselleiros e directores da DXOX, así como os seus cónxuxes ou persoas con quen convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao e todo o persoal da DXOX que teña atribuídas funcións de inspección e control en materia do xogo.
- h) Calquera persoa que unha norma puider establecer.

iii.- Verificación documental de identidade

De acordo coa normativa vixente, SELAE debe verificar documentalmente a identidade dos seus Participantes antes de cargar unha cantidade que supere, sumando todas as cargas desde o 28/3/2019, a cantidade de 150 € ou retirar un premio de calquera importe. Amais, SELAE poderá esixir a verificación documental da identidade dos Participantes noutras circunstancias cando así o determinaren as súas políticas de prevención de riscos, prevención da fraude ou do xogo responsable. Para iso, o participante terá que superar o proceso de verificación documental despregado por SELAE na súa web, ou a través da app oficial para iOS e Android. A verificación documental da identidade compróbase mediante os servizos despregados por SELAE. Durante o proceso de verificación documental, SELAE solicitará fotografías con suficiente claridade e enfoque do documento de identidade e do rostro do participante ou vídeos deste último, consoante a vía pola cal o Participante se estea a verificar. O proceso poderá ser completamente automático ou, en certos casos, poderá existir tamén intervención humana.

De non se verificar documentalmente a identidade do Participante en quen concorran os supostos indicados no primeiro parágrafo deste apartado, o Operador suspenderá a Conta do xogo e o rexistro do usuario, tal e como se prevé no seguinte Apartado V.

iv.- Acceso do usuario:

Unha vez completado o proceso de rexistro, os accesos ao rexistro do usuario e á Conta do xogo asociada quedarán reservados exclusivamente para o Participante titular do rexistro.

O acceso do Participante requirirá que este facilite credenciais de acceso correctas que o Operador contrastará nos seus sistemas.

As condicións de uso das credenciais de acceso do usuario son as que seguen:

- O correo electrónico, NIF/NIE asignados ao Participante teñen carácter persoal e intransferible.
- O Participante obrígase a custodiar diligentemente e a manter en segredo as súas credenciais de acceso.
- O Participante non deberá facilitar o uso do seu rexistro de usuario a terceiros baixo ningunha circunstancia. Será responsabilidade do Participante prestar a dilixencia debida para impedir o acceso ou utilización do usuario por parte de terceiros.
- O Participante será o único responsable da elección, perda, subtracción ou utilización non autorizada de calquera credencial de acceso ou clave identificadora e das consecuencias que disto poidan derivar.
- O Participante deberá comunicar ao Operador, o antes posible, a perda, subtracción ou utilización non autorizada das súas credenciais de acceso. A comunicación anterior tamén será esixible cando o Participante tiver unha simple sospeita de tales feitos. O Operador procederá, en tal caso, á suspensión cautelar do acceso do Participante ata o seu esclarecemento.

O acceso de usuario estará dispoñible, agás por cuestións de mantemento, todos os días da semana, incluídos festivos, en horario ininterupto, mediante acceso remoto. As tarefas de mantemento limitaranse ás estritamente imprescindibles e, salvo imperativo técnico, concentraranse nas franxas horarias de menor actividade na plataforma. Para estes efectos, enténdense como tarefas de mantemento as derivadas diariamente de, entre outros casos, o peche diario da actividade, inclusive as conciliacións e comprobacións de consistencia de datos, a determinación de gañadores, notificación e aboamento dos seus premios, a rexeneración da Plataforma para o reinicio das actividades do xogo, máis calquera procedemento interno de seguridade conducente a asegurar a correcta prestación do servizo.

O Operador do xogo non modificará o rexistro do usuario, agás para realizar aquelas operacións de xestión estritamente precisas para un correcto funcionamento da plataforma, ou aquelas alteracións que foren admisibles baixo a normativa e requiridas polo Participante.

v.- Supostos de restrición de uso, suspensión e cancelación do rexistro de usuario ou contas do xogo:

(i) SUSPENSIÓN DA CONTA DE XOGO OU DO REXISTRO DE USUARIO, OUTRAS SITUACIÓNS TRANSITORIAS DE RESTRICIÓN DE USO:

A Conta do xogo ou o rexistro de usuario **serán suspendidos** polo Operador por algún dos seguintes motivos, cos prazos e límites previstos na normativa do xogo:

- PROHIBICIÓN SUBJECTIVA: Cando se poña de manifesto ao Operador que o Participante se encontra inmerso nalgunha das causas de prohibición subjectiva previstas na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, por exemplo, a súa inscrición no Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo.
- VONTADE DO PARTICIPANTE (AUTOEXCLUSIÓN): Cando o Participante o exerza o dereito a restrinxir o seu acceso á súa Conta do xogo (autoexclusión) polo prazo determinado polo participante de entre as opcións preestablecidas, e esta suspensión é irrevogable durante dito prazo. Esta autoexclusión encóntrase limitada á súa participación en SELAE, a diferenza do dereito de autoprohibición, que abarca a participación nas actividades do xogo de calquera operador, mediante a súa inscrición no Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo.
- VONTADE DE PARTICIPANTE (PETICIÓN DE BAIXA OU EXERCICIO DE DEREITO DE CANCELACIÓN DE DATOS): Cando o Participante solicite a baixa definitiva do seu Rexistro de usuario ou Conta do xogo ou exercite un dereito de cancelación dos seus datos persoais, de acordo coa normativa de protección de datos, en canto se realizan as operacións necesarias para proceder ao solicitado polo Participante.
- INACTIVIDADE: Por inactividade ininterrupta do Participante na Plataforma durante un período non inferior a dous anos. Neste caso, o Participante poderá reactivar o Rexistro de usuario e correspondente Conta de xogo autenticándose na plataforma, sempre que o fixer dentro dos catro anos seguintes á suspensión do rexistro. A situación de inactivo non implica o bloqueo dos datos, dado que o Contrato do Xogo permanece en vigor.
- INDICIOS DE INCUMPRIMENTOS NORMATIVOS, ABUSO DE DEREITO OU CONDUTAS INCOMPATIBLES CO XOGO RESPONSABLE: Cando o Operador tiver indicios razoables de que o Participante: (i) tivese, un comportamento colusorio, fraudulento, sospeitoso ou inadecuado, ou que puidese potencialmente constituír un risco económico, corporativo ou de calquera outro tipo para SELAE (por exemplo, de que realizase recarga e retirada de saldo da túa lotobolsa aparentemente non relacionadas coa compra dos xogos de SELAE) ou, en xeral, que realizase actuacións nas cales exista un incumprimento de normas ou un abuso de dereito pola utilización dos medios postos á disposición por SELAE, para fins distintos dos cales lle son propios, isto é, a participación nos xogos; ou (ii) tivese un comportamento de risco incompatible con condutas responsables do xogo de acordo cos modelos e políticas de xogo responsable de SELAE.
- FALTA DE VERIFICACIÓN DE IDENTIDADE: (i) Non completar todas as verificacións de identidade do usuario requiridas e conformes coa normativa vixente en cada momento, (ii) que falten datos necesarios no rexistro de usuario (por exemplo, rexión fiscal); (iii) que o Operador teña indicios razoables da inexactitude dos datos do Rexistro de usuario, inclusive o falecemento do Participante ou (iv) que o Operador teña indicios razoables de que o Participante puidese sufrir un roubo de identidade ou de contrasinais involuntario; todo isto ata se verificar adecuadamente a identidade do Participante e ata se completar na súa integridade o Rexistro do usuario.
- APLICACIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DO BRANQUEO DE CAPITAIS: Que inclúe (i) Participante suxeito a sancións e contramedidas financeiras por figurar nas listas de persoas suxeitas a sancións e contramedidas financeiras en canto permanezan nas citadas listas; ou (ii) Participante en proceso de verificación das medidas de dilixencia debida, previstas na normativa de prevención de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, en canto se cumpre satisfactoriamente cos procesos de valoración e verificación.
- EMBARGO: No caso de embargo dos dereitos de crédito do Participante acordados por unha autoridade e comunicados debidamente a SELAE, ata que, de ser o caso, se cumpra ou levante o embargo.

O Operador informará o Participante que se encontre suspendido sobre este feito e as principais consecuencias da suspensión.

En canto durar a suspensión, o Participante poderá ter limitadas as funcións do seu Rexistro de usuario, Conta do xogo e, en xeral, da Plataforma de acordo coa lexislación.

De feito, por exemplo, aqueles Participantes que se encontren nos supostos de suspensión por indicios de incumprimentos normativos ou abuso de dereito ou por aplicación de medidas de prevención do branqueo de capitais non poderán retirar o saldo da súa Conta de xogo nin cobrar premios. Como excepción, o Participante suxeito a sancións e contramedidas financeiras, por figurar nas correspondentes listas, poderá retirar o saldo da súa Conta de xogo ou cobrar premios se así o autorizar a autoridade administrativa competente (Secretaría Xeral do Tesouro ou o organismo competente en cada momento).

Como consecuencia, é posible que, en canto durar a suspensión, o Participante non poida acceder ao seu Rexistro de Usuario, participar nos xogos de SELAE, inclusive a execución das súas subscricións, cobrar premios ou realizar movementos económicos na súa Conta do xogo. A pesar do anterior, o Participante cuxa causa de suspensión for a súa inclusión no Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo, no Rexistro de Persoas vinculadas ao Operador do Xogo, a voluntaria autoexclusión do xogador ou a existencia de indicios de condutas incompatibles co xogo responsable poderá retirar o saldo da súa Conta do xogo, cobrar premios obtidos con anterioridade á suspensión

Verificado polo Operador que se eliminaron as causas que motivaron a suspensión, o Operador levantaraa. Como excepción, no caso de suspensión por inscrición no Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo e do Rexistro de Persoas Vinculadas ao Operador do Xogo, o Operador poderá levantar a suspensión da Conta do xogo e permitir a súa participación nos xogos sempre que medie con previa solicitude do Participante (expresada, por exemplo, ao aceptar de novo o presente Contrato do Xogo).

Adicionalmente ao anterior, durante a vixencia do presente Contrato, poden darse situacións transitorias de indispoñibilidade ou bloqueo de todas ou algunha das funcións do Rexistro do usuario, Contas do xogo e, en xeral, da plataforma, e en situacións tales como: unha vez superado o máximo número de tentativas de inicio de sesión, contrasinais en corentena, alteracións nos contrasinais en curso e semellantes.

(ii) CANCELACIÓN DO REXISTRO DE USUARIO E CONTA DE XOGO:

O usuario poderá darse de baixa e, consecuentemente, o seu Rexistro de usuario e a Conta de xogo serán **cancelados** por algún dos seguintes motivos:

- (a) VONTADE DO PARTICIPANTE (PETICIÓN DE BAIXA OU EXERCICIO DO DEREITO DE CANCELACIÓN DE DATOS): Unha vez realizadas as operacións necesarias para dar de baixa definitiva o Participante que así o solicitase, ou o bloqueo dos datos persoais correspondente ao exercicio dun dereito de cancelación.
- (b) INACTIVIDADE DEFINITIVA: No caso de inactividade transcorridos catro anos desde a suspensión do rexistro de usuario inactivo.
- (c) INCUMPRIMENTOS NORMATIVOS OU ABUSO DE DEREITO OU CONDUTAS INCOMPATIBLES CO XOGO RESPONSABLE: Tras petición do Operador, se este tiver elementos de xuízo suficientes, unha vez constatados os feitos, para considerar que concorrer as circunstancias que motivaron a suspensión da Conta do xogo prevista no apartado anterior (INDICIOS DE INCUMPRIMENTOS NORMATIVOS OU ABUSO DE DEREITO OU CONDUTAS INCOMPATIBLES CO XOGO RESPONSABLE) de forma grave ou reiterada.
- (d) FALECEMENTO E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS SUBXECTIVAS: Cando se verificar o falecemento do Participante o se verificar a concorrencia doutras circunstancias subxectivas definitivas que determinen a inaptitude para ser Participante (por exemplo, non dispor de domicilio en España ou non informar da conta corrente válida aberta nunha entidade financeira autorizada para operar en España cando teña que o facer).
- (e) OUTROS INCUMPRIMENTOS: Cando concorrer calquera outro incumprimento das previsións do presente Contrato de Xogo (por exemplo, a falta de colaboración para a verificación das medidas de dilixencia debida ou obstaculización das operacións de verificación de

identidade) e, en xeral, cando se verificaren incumprimentos graves ou reiterados polo Participante das súas obrigas baixo o presente Contrato.

Non será posible cancelar o Rexistro de usuario e Conta do xogo por petición do Participante ou a cancelación de datos persoas, encanto este tiver apostas activas ou saldo na súa Conta de xogo. O Participante poderá renunciar expresa e irrevogablemente ao saldo da súa Conta de xogo.

Non se poderán cancelar as apostas activas (pendentes de sortear ou de se celebrar os eventos aos cales se refira ou en proceso de pagamento se resultou agraciado), polo que terá que esperar á celebración do sorteo ou evento onde participan.

Con carácter previo á cancelación (e coas excepcións que se establecen a continuación), o Participante poderá solicitar a SELAE a descarga do saldo na súa Conta de xogo a unha conta bancaria da súa titularidade nunha entidade financeira autorizada para operar en España, ou ben renunciar expresa e irrevogablemente a dito saldo.

Nos casos de cancelación do rexistro do usuario antes indicados como incumprimentos normativos ou abuso de dereito, ou condutas incompatibles co xogo responsable, e nos referidos como Outros incumprimentos, SELAE reserva o dereito de denegar o cobro de premios ou descarga de importes da Conta do xogo cando resultar procedente, consoante a causa de terminación do Contrato (normas infrinxidas e o que se dispuxer nestas, requirimentos de autoridades e consecuencias das condutas que puideren constituír abusos de dereito, mala fe contractual).

Cancelado o Rexistro de usuario e correspondente Conta de xogo, o Participante deixará de ter acceso a esta e non poderá realizar operacións nin recibirá comunicacións comerciais de SELAE.

A cancelación do Rexistro de usuario implicará a extinción do Contrato do Xogo, o que significa o bloqueo dos datos persoais do Participante.

.F) OPERACIÓNS QUE O USUARIO PODE REALIZAR

i.- Operacións permitidas na Conta do xogo:

Cada Rexistro de usuario terá vinculada unha Conta de xogo única.

A Conta do xogo non devindica xuros e nela reflíctense as transaccións económicas vinculadas ás actividades do xogo, inclusive as orixinadas polas diversas modalidades participativas ofrecidas polo Operador, así como aqueles servizos onerosos que puidesen ofrecerse.

O Participante deberá achegar, baixo a súa responsabilidade, os datos precisos para permitir a realización de transaccións económicas co Operador.

A Conta do xogo permite as seguintes operacións, de conformidade co previsto nas regras particulares de cada xogo:

- Depositar e retirar fondos, dentro dos límites previstos no presente Contrato ou na normativa do xogo.
- Aboar a participación nun, varios ou en todos os xogos ofrecidos na plataforma de forma individual ou en grupo.
- Consultar as seguintes operacións:
 - Os depósitos realizados polo Participante.
 - Os cargos polo importe da participación nos xogos.
 - Os cargos polos servizos adicionais onerosos que puidese prestar o Operador
 - O aboamento dos eventuais bonos ofrecidos polo Operador
 - Os dereitos de crédito sobre o importe dos premios obtidos polo Participante.
 - Requerir o Operador para que realice a descarga do saldo da Conta do xogo do

Participante e dos premios obtidos.

- Consultar, en tempo real, o saldo da Conta do xogo e o rexistro, polo menos, de todas as participacións ou xogadas efectuadas nos últimos trescentos sesenta e cinco días, agás se a natureza do xogo, de acordo coas súas regras particulares, recomendar un período menor, que, en ningún caso, será inferior a trinta días.
- Consultar os puntos acumulados no caso de promocionais.
- Consultar a actividade dos grupos dos cales forma parte o Participante.
- Convidar novos membros aos grupos dos cales forma parte o Participante.
- Abandonar grupos dos cales forma parte o Participante.
- Crear grupos.
- Consultar e aceptar convites para grupos.
- Ver membros dos grupos dos cales aceptou formar parte o Participante.

A pertenza dun Participante nun grupo implica aceptar que se comuniquen certos datos persoais co resto de Participantes de cada modalidade participativa. No momento da aceptación informarase o Participante dos datos precisos que se comunicarán.

Non se permitirá realizar operacións:

- Que tivesen como resultado un saldo acreedor nalgunha das Contas de xogo dos Participantes na modalidade de apostas en grupo.
- Se non existir suficiente saldo dispoñible nas Contas do xogo asociadas a todos os participantes na aposta, as participacións no xogo serán rexeitadas.
- Nos supostos de restrición de uso, suspensión e cancelación do Rexistro de usuario aos cales se refire a cláusula E (v).
- Con fins alleos á participación nos xogos (abuso de dereito) ou que constitúan indicios de uso fraudulento da Conta do xogo.
- Que puidesen causar prexuízos económicos indebidos ou de reputacións para o Operador.
- Prohibidas pola normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

ii.- Límites ao saldo, depósitos, importes que se xulgarán e descargas:

No compromiso de SELAE co xogo responsable e seguro, estableceu certos límites e posibilidades para o Participante que se describen a continuación:

- LÍMITES AO SALDO E AOS DEPÓSITOS

O Operador ten establecidos límites económicos de saldo da lotobolsa e para os depósitos que, con carácter diario, semanal ou mensual, poidan recibir de cada un dos Participantes nos distintos xogos e que se encontran dispoñibles para a súa consulta na seguinte ligazón: <https://www.loteriasyapuestas.es/es/centro-de-ayuda/lotobolsa/opciones-de-lotobolsa>

O Participante poderá voluntariamente establecer límites, aplicables aos seus propios saldos e aos depósitos, por importes inferiores aos establecidos con carácter xeral. Cada Participante poderá realizar a súa solicitude de forma expresa e individualizada. Amais, o Participante poderá definir o valor a partir do cal desexa que se ingrese directamente na súa conta bancaria e non na súa lotobolsa.

No caso de que o Participante non indicase unha conta bancaria válida onde efectuar os aboamentos de premios, aboarase o diñeiro na súa lotobolsa, con independencia do límite establecido polo Usuario, dado que non é posible efectuar o aboamento doutro modo. Se o saldo da lotobolsa neste caso supera o límite establecido, notificarase o Participante que debe descargar a súa lotobolsa inmediatamente, sen a posibilidade de realizar ningunha operación ata que efectúe dita descarga.

SELAE, no seu compromiso co xogo responsable e seguro, decidiu non aceptar solicitudes de incremento ou desaparición dos límites de depósito indicados no parágrafo primeiro en ningunha circunstancia.

- LÍMITES AOS IMPORTES QUE SE XOGAN

Como parte do compromiso de SELAE co xogo responsable, o Participante poderá establecer o seu propio límite máximo persoal para o seu gasto semanal na plataforma, sempre que for inferior ao que en cada momento puiden establecer a normativa de aplicación, e co límite adicional do saldo dispoñible na lotobolsa. Cada vez que intente xogar, a Plataforma controlará que o importe das apostas realizadas durante a última semana (de luns a domingo) non supera o devandito valor.

- LÍMITES ÁS DESCARGAS

Como medida de seguridade e xogo responsable, SELAE ten establecidos os seguintes límites ás descargas do saldo na lotobolsa: máximo número de descargas en 24 h: 1 e máximo número de descargas por semana: 2.

iii.- Participación nos xogos e pagamento da Participación:

Completado satisfactoriamente o Rexistro de usuario e en canto estiver vixente e se dispuxer de saldo para iso e sen concorreren supostos de prohibición de Participación, o Participante poderá participar nos xogos a través da plataforma, mediante os tipos ou modalidades que as súas respectivas normas regulen e que foren accesibles por esta forma de comercialización.

A forma de realizar as apostas ou prognósticos será a establecida nas respectivas normas para a participación por Internet ou aplicacións informáticas.

A Plataforma ofrecerá a posibilidade de realizar apostas ou prognósticos de forma automática ou marcándoos sobre unha imaxe virtual dun boleto ou, de ser o caso, calquera outra alternativa. Para os efectos do reintegro nos xogos en que estea regulado, a Plataforma asignará aleatoriamente un número a cada resgardo virtual, do cal será informado o Participante no momento da consolidación da súa aposta.

Para a participación ser válida, debe estar correctamente rexistrada e non anulada no Sistema Central, en tempo e forma. A participación nos xogos, quer na modalidade individual, quer en grupo, é persoal e non é transferible a terceiros. En consecuencia, SELAE unicamente aboará os premios obtidos ao(s) Participante(s), se a modalidade do xogo for en grupo, previamente rexistrados e que realizasen as apostas. Non é posible compartir premios con quen non for Participante rexistrado ou membro dun grupo que efectuase a participación.

O pagamento pola participación nos xogos, ben como o depósito nas contas do xogo, efectuarase utilizando os medios de pagamento que SELAE habilite en cada momento, sen custos nin comisións para o Participante, e dos cales se informará suficientemente na plataforma.

Previa formalización da participación, a plataforma obterá unha provisión de fondos para o pagamento. Se houber fondos suficientes a lotobolsa, o pagamento producirase co saldo existente nela nese momento e solicitarase ao Participante a confirmación da operación. Se houber un saldo inferior ao necesario para facer fronte ao pagamento, o Participante deberá cargala antes de ser solicitada esta confirmación. O importe máximo da operación estará limitado de acordo co previsto no Apartado F) ii anterior.

Unha vez confirmado e aceptado o pagamento, enviarase ao Sistema Central da participación para a súa validación. O Sistema Central comprobará se está dentro do tempo de admisión. En caso contrario, informarase o participante e rexeitarase a operación.

Nos supostos en que, pola suspensión do xogo ou calquera outra causa que impedir o seu desenvolvemento, o Operador tiver que devolver as cantidades pagas polo Participante, a devolución realizarase da forma establecida polo Operador nas regras particulares de cada xogo.

Unha vez rexistradas as operacións, presentarase ao Participante un resumo co contido de cada unha das apostas, xogadas ou prognósticos, e separaranse nesa información as aceptadas das rexeitadas, se as houber.

A proba que facilita a plataforma unicamente ten carácter informativo. En ningún suposto será elemento válido para o cobro de premios nin tampouco se poderá utilizar como elemento probatorio do pagamento da Operación. Para estes efectos, a única proba válida é o rexistro que constar no Sistema Central, que estará dotado das convenientes medidas de seguridade.

Antes de formalizar calquera participación no xogo, o participante deberá comprobar que seleccionou correctamente os datos do xogo, sorteo ou evento. Pola propia configuración dos xogos e das medidas de seguridade asociados, formalizada a Participación nun xogo de SELAE, esta será firme, e non será posible cancelar, revogar ou desistir de dita participación.

No suposto concreto de existiren discrepancias verbo do contido exacto da participación no xogo (quer nunha aposta xogada, quer nun prognóstico), ambas as partes do presente Contrato de Xogo aceptan como definitivo o rexistro de operacións e transaccións do sistema de control interno do Operador. Todo isto sen prexuízo da facultade do Participante de acudir a algún dos mecanismos de resolución de litixios dispoñibles, legal e contractualmente, para a protección dos seus dereitos e intereses lexítimos fronte ás decisións do Operador.

iv.- Aboamento dos premios:

O Operador aboará os premios polo procedemento e medios de pagamento que se establecer nas regras do xogo.

O Operador aboará os premios de contía inferior aos 2000 euros na lotobolsa do xogador. Se o Participante tiver unha conta corrente válida asignada, os importes que superaren o límite do depósito na Lotobolsa ao cal se refire o apartado F) ii (Límites de saldo e depósitos) ou aquel outro límite inferior de pagamento de premios que configurase, e ata os 2000 euros, serán inmediatamente transferidos á conta designada polo Participante.

Os premios de contía igual ou superior aos 2000 euros serán aboados na conta bancaria que especificamente para cada premio superior a ese importe determinar o Participante. O Participante deberá verificar a conta bancaria da súa titularidade onde desexar que sexa ingresado cada concreto premio que igualar ou superar a contía anteriormente indicada, por razóns de prevención o branqueo de capitais e de condutas de fraude do xogo, así como por mor da prevención de posibles fraudes tecnolóxicas. SELAE non aboará premios en contas non verificadas polos Participantes. Os Participantes poderán verificar a conta onde desexaren que sexa ingresado un premio en calquera momento a partir da obtención deste, e disporán dun prazo máximo de 3 meses para o facer pola plataforma. Transcorrido este prazo, dirixirse directamente a SELAE, cubrindo o formulario do Servizo de Atención ao Cliente (<https://www.loteriasyapuestas.es/es/contacto>).

Por prevención do branqueo de capitais e do seguimento das operacións, non se aceptarán outras formas ou medios de aboamento de premios distintos das contas bancarias de titularidade do Participante de entidades financeiras autorizadas para operar en España. SELAE quedará exonerada de calquera responsabilidade ao realizar a transferencia ao número de conta indicado polo Participante.

A fin de cumprir co disposto na normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, ben como para evitar posibles condutas colusorias, fraudulentas ou de risco e, en xeral, actuacións onde exista un incumprimento de normas o un abuso de dereito, o Operador poderá requirir información ou documentación para verificar documentalmente a titularidade da conta bancaria identificada polo Participante para o aboamento do premio, sen prexuízo da facultade do Operador de reter o aboamento dos prezos ou impedir o acceso efectivo a este cando resultar procedente, de acordo co previsto no apartado E) do presente Contrato.

Antes do aboamento de calquera premio, a Plataforma comprobará que non concorren circunstancias que impidan o aboamento dos premios, de acordo cos termos do presente Contrato.

SELAE non cobra gastos de xestión nin ningún importe polo pagamento de premios.

v.- Notificacións:

A participación a través da plataforma implica a recepción de notificacións para a súa mellor información respecto ao estado e á evolución do seu rexistro de usuario, a conta do xogo, o xogo en grupo, grupos aos cales pertence e transaccións sobre a Conta do xogo. En calquera caso considérase parte integral do servizo básico proporcionado pola plataforma a remisión de avisos informativos do servizo, tales como paradas por mantemento, avisos de alteracións nas normativas, contractuais, e cantos foren precisos para a xestión do Contrato do Xogo e o seu desenvolvemento. As notificacións poderán enviarse a través de diferentes canles, que poderán incluír SMS, correo electrónico ou outras modalidades (tal como notificacións push). Ningunha destas comunicacións supón cargo ou obriga adicional para o Participante.

G) RELACIÓN DAS MODALIDADES PARTICIPATIVAS ACCESORIAS OFRECIDAS AO PARTICIPANTE, PREZO E FORMA DE PAGAMENTO DESTES

Durante a vixencia do Contrato do Xogo, o Participante terá acceso, a través do seu rexistro de usuario, ás modalidades participativas accesorias á función principal de realización de apostas e cobro de premios de maneira individual que SELAE ofrezca, segundo as condicións, o prezo e a forma de pagamento descritas. Entre outras:

- a) Servizos de repetición automatizada de xogadas («**Subscricións**» e «**Peticións de compra**» en Lotería Nacional): a plataforma permite ao Participante ordenar a repetición automática da mesma xogada, ou outra de similares características, de cara a futuros sorteos (no sucesivo, «**Xogadas por subscripción**»). O Participante é informado en todo momento do número de repeticións, ben como do prezo unitario de cada xogada. En canto á ulterior xeración de xogadas por subscripción, este servizo préstase de forma automatizada e coa mellor intención, sen garantía de éxito, e está este supeditado á posibilidade técnica de formalizar cada xogada por subscripción na plataforma, á posibilidade de adquirir a xogada coas características indicadas conforme a dispoñibilidade da oferta para cada sorteo, así como á inexistencia de calquera impedimento práctico ou legal sobrevido sobre o rexistro do usuario ou a Conta do xogo, entre outros, a falta de dispoñibilidade de crédito suficiente para realizar o pagamento da xogada. En todo caso, unha xogada repetida, con éxito, ficará rexistrada de forma inmediata na Conta do xogo, e alá constará durante os períodos establecidos para calquera transacción do xogo. É responsabilidade do Participante comprobar o resultado da xeración das súas xogadas por subscripción, e non procede reclamación posterior por calquera acción tomada polo Participante sen consultar, previamente, a súa Conta do xogo. Porén, o Operador notificará ao Participante, de forma automatizada e coa súa mellor intención, sobre a correcta xeración das súas xogadas por subscripción. Todo o servizo de repetición automática de xogadas é prestado de forma gratuíta e aboaranse unicamente as xogadas que finalmente resulten xeradas, e nunca antes da súa correcta formalización na plataforma.
- b) Servizos de axuda á xestión de xogadas habituais ou preferidas («**Apostas favoritas**»): a plataforma incorpora diversas funcións conducentes a facilitar o salvado, xestión, comprobación de premios e posterior reutilización das xogadas habituais ou preferidas do Participante. Ningunha destas funcións supón cargo nin obriga adicional para o Participante.
- c) Servizos de xestión de grupos e realización de apostas entre varios participantes: a Plataforma incorpora diversas funcións que permiten xestionar grupos para xerar e xestionar apostas xogadas en grupo por varios participantes, realizadas na plataforma co fin de repartir os posibles premios asociados. Ningunha destas funcións supón cargo ou obriga adicional para o Participante, sen prexuízo de que poida ser preciso dar consentimentos para executar a función.

- d) Aqueles outros servizos que o Operador definir, dentro dos seus títulos habitantes e licenzas, e que sexan informados ao Participante.

H) RELACIÓN DOS SERVIZOS ADICIONAIS OFRECIDOS AO PARTICIPANTE, PREZO E FORMA DE PAGAMENTO DESTES

SELAE poderá ofrecer ao Participante os seguintes servizos adicionais de información ou comunicación, que serán completamente gratuítos para os Participantes e respecto dos cales SELAE non garante que non presenten posibles dificultades técnicas puntuais ou perdas de dispoñibilidade.

O Participante poderá activar ou desactivar estas comunicacións á súa vontade, a través das opcións no seu perfil de usuario. SELAE ofrecerá información acerca da posibilidade de anular o servizo (e unha forma sinxela de o facer), e dos seus dereitos, en todo caso, con cumprimento da normativa vixente:

- a) Comunicacións de próximos sorteos, resultados e servizos adicionais, ben por correo electrónico, ben por SMS, ou outras canles que o Operador puiden pór en funcionamento (o Operador reserva a posibilidade de pór en marcha, ou non, comunicacións en cada canle dependendo do servizo concreto): o Participante poderá indicar o seu interese en recibir, de forma voluntaria e totalmente gratuíta, comunicacións ocasionais sobre alteracións nas funcións, botes máis importantes en xogo, información sobre sorteos futuros e resultados de sorteos pasados, un boletín de noticias e información de utilidade relacionada co seu comportamento na plataforma. Dentro da información sobre resultados de sorteos pasados, encontramos:
- Comunicacións individuais de resultados: o Operador ofrece ao Participante, para a súa mellor información respecto dos xogos que resultan do seu interese, a posibilidade de recibir comunicacións co resultado e repartición de premios de cada un dos sorteos e xornadas destes. Este servizo préstase de forma automatizada e coa mellor intención, sen garantía de envío en orixe nin entrega en destino, e carece a información ofrecida de validez oficial.
 - Comunicación semanal do resumo de resultados: igual que o servizo anterior, é posible solicitar a comunicación de resultados en formato resumo semanal, e enviar esta unha que finalizar o ciclo semanal de sorteos e xornadas establecido polo Operador. Este servizo préstase de forma automatizada e coa mellor intención, sen garantía de envío en orixe nin entrega en destino, e carece a información ofrecida de validez oficial.
- Ningunha destas comunicacións supón cargo ou obriga adicional para o Participante.
- b) Información comercial sobre novos produtos e servizos da Plataforma, por correo electrónico ou por SMS, ou outras canles que o Operador puiden pór en marcha (o Operador reserva a posibilidade de pór en funcionamento, ou non, comunicacións en cada canle, dependendo do servizo concreto): o Participante poderá indicar o seu interese en recibir, de forma voluntaria e totalmente gratuíta, comunicacións ocasionais de carácter comercial, non estritamente vinculadas ao seu uso da plataforma. Estas comunicacións inclúen información sobre novos xogos e servizos. Ningunha destas comunicacións supón cargo ou obriga adicional para o Participante.
- c) Comunicacións electrónicas de lanzamento de enquisas que SELAE realiza periodicamente, ben por correo electrónico, ben por SMS, ou outras canles que o Operador puiden pór en marcha (o Operador reserva a posibilidade de pór en funcionamento, ou non, comunicacións en cada canle dependendo do servizo concreto): o Participante poderá indicar o seu interese en recibir, de forma voluntaria e totalmente gratuíta, comunicacións para participar en enquisas que SELAE realiza co fin de recompilar información útil para SELAE, e para o usuario, sobre os diferentes aspectos do xogo presencial e en liña; e isto require o seu consentimento. Ningunha destas comunicacións supón cargo ou obriga adicional para o Participante.

Estas comunicacións, en canto se consideraren comunicacións comerciais, non serán recibidas por quen tiver o seu rexistro de usuario suspendido, de acordo co previsto no primeiro apartado da sección E) V anterior (Suspensión por prohibición subxectiva ou autoexclusión). Amais,

poderán aplicar outras restricións ao envío de comunicacións comerciais previstas na normativa do xogo, consoante o tipo de comunicación comercial e o seu medio de difusión.

I) DEREITOS E OBRIGAS DO PARTICIPANTE

Durante a vixencia do Contrato do Xogo, o Participante terá os seguintes dereitos:

- a) Obter información clara e veraz sobre as regras do xogo en que desexe participar.
- b) Cobrar os premios que lle puideren corresponder no tempo e na forma establecidos, de conformidade coa normativa específica de cada xogo e coa normativa do xogo en liña de SELAE.
- c) Comunicar/declarar a conta bancaria da súa titularidade en que efectuar, de ser o caso, o pagamento dos seus premios, así como mantela actualizada.
- d) Formular perante a DXOX as reclamacións contra as decisións do Operador que afectaren os seus intereses.
- e) Utilizar o tempo de uso correspondente ao prezo da partida de que se tratar cando SELAE comercializar dita modalidade de xogos.
- f) Xogar libremente, sen coaccións nin ameazas provenientes do Operador, doutros xogadores ou de calquera outra terceira persoa.
- g) Coñecer en calquera momento o importe que xogou ou apostou, ben como, no caso de dispor dunha Conta do xogo aberta no Operador, coñecer o saldo nela.
- h) Identificarse de modo seguro, conforme os procedementos arbitrados polo Operador para tal efecto.
- i) Recibir a debida información con relación ao tratamento e protección dos seus datos persoais, a prestar o seu consentimento para tal efecto cando for necesario, e ao exercicio dos seus dereitos, conforme a normativa vixente en materia de protección de datos, segundo o detalle descrito posteriormente.
- j) Coñecer en todo momento a identidade do Operador.
- k) Recibir información sobre a práctica responsable do xogo.

Durante a vixencia do Contrato do xogo, as obrigas do Participante serán as seguintes:

- a) Non alterar o normal desenvolvemento dos xogos.
- b) Adoptar comportamentos baseados na honradez, na boa fe e no respecto aos demais Participantes e ao Operador do xogo, e non utilizar as funcións postas á disposición polo Operador para fins distintos da súa participación nos xogos de SELAE.
- c) Cumprir as normas e as regras que, con relación aos Participantes, se establezan na regulamentación dos xogos.
- d) Non ceder o rexistro do usuario a terceiros, nin facilitar o uso non autorizado deste.
- e) Non realizar transferencias a contas do xogo doutros xogadores.
- f) Darse de baixa como usuario rexistrado e non volver participar nos xogos, no caso de que incorra de maneira sobrevida nalguna das prohibicións subxectivas previstas na lexislación sobre o xogo.
- g) Pór á disposición de SELAE a información e documentación que lle for requirida para permitir o cumprimento, por parte de SELAE, das súas obrigas legais de verificación e dilixencia debida respecto dos Participantes (coñecemento do cliente).
- h) Coñecer e respectar as políticas do Xogo Responsable e cumprir aquelas solicitudes demandadas nesta materia por SELAE.
- i) Manter debidamente actualizada a información que facilita ao Operador para o desenvolvemento do contrato do xogo, inclusive os datos do rexistro de usuario, conta corrente ou punto de venda asociado (este último cando fose requirido no momento do rexistro). En caso contrario, o Participante poderá ter limitadas as funcións de uso da plataforma ou mesmo cancelarse o seu rexistro de usuario

J) OBRIGAS, RESPONSABILIDADE E DEREITOS DO OPERADOR

Durante a vixencia do Contrato do Xogo, o Operador terá as seguintes obrigas:

- a) Pór á disposición do Participante a través do seu Rexistro de usuario unha copia do presente Contrato, así como calquera modificación que este sufra e os mecanismos de

aceptación expresa precisos para a súa formalización e para o posterior desenvolvemento da relación xurídica.

- b) Verificar, coa periodicidade, que como mínimo será anual, e de conformidade cos procedementos establecidos para estes efectos pola DXOX, e que os Participantes titulares dos rexistros de usuario non figuran inscritos no Rexistro Xeral de Interdicións do Xogo. Así mesmo, o Operador adoptará as medidas específicas de control respecto daqueles Participantes que solicitasen que lles fose prohibida a práctica dun determinado xogo.
- c) Conservar o Contrato do Xogo durante un prazo de seis anos desde a cancelación do Rexistro de usuario e adoptar todas as medidas necesarias para a protección dos datos do Participante.
- d) Solicitar o consentimento expreso do Participante nos supostos de modificación unilateral do Contrato ou novación subxectiva do Operador.
- e) Conservar o detalle analítico dos movementos con relación á Conta do xogo do Participante e das xogadas efectuadas durante un período de seis anos.
- f) Realizar, coa frecuencia que a DXOX establecer, verificacións periódicas da correcta utilización da Conta do xogo, e notificar á DXOX e ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias as posibles violacións ou as anomalías detectadas no seu uso, no momento en que tiver coñecemento diso.
- g) Rexistrar de maneira inmediata na Conta do xogo, mediante cargos e aboamentos, todas as operacións, inclusive os elementos identificadores completos delas e, en particular, os relativos ás xogadas, ganancias, devolucións, ingresos, reintegros ou bonus recibidos.
- h) Realizar o aboamento dos premios polo procedemento e medios de pagamento que establecesen nas regras particulares do xogo, salvo se o Participante se encontrar inmerso nalgunha das prohibicións subxectivas para participar nos xogos ou calquera outra circunstancia contempladas na normativa vixente que o impidan.
- i) Pór en coñecemento da DXOX os datos identificadores daqueles Participantes que puidesen supor un risco de colusión ou que usasen fraudulentamente na Conta do xogo tarxetas de crédito, de acordo coa normativa de aplicación en cada momento.
- j) Non realizar ningún acto de disposición dos importes depositados polo Participante na conta corrente dedicada para fins distintos ao desenvolvemento ordinario dos xogos.
- k) Garantir a veracidade e o contraste periódico dos datos que figuren nos seus rexistros de usuario, nos termos establecidos pola DXOX.
- l) Manter actualizadas as políticas do Xogo responsable.
- m) Verificar que os participantes non adoptan condutas incompatibles co xogo responsable ou de risco, de acordo cos modelos e coas políticas establecidas por SELAE e informar, de acordo coa lexislación vixente, ao Participante cando se detectaren este tipo de condutas.

Durante a vixencia do Contrato do xogo, o Operador terá os seguintes dereitos:

- a) Suspender cautelarmente o Participante que se encontrar en calquera dos supostos de suspensión previstos no apartado E.
- b) Cancelar definitivamente o Participante que se encontrar en calquera dos supostos de cancelación previstos no apartado E.
- c) Remitir aos Participantes cuestionarios ou enquisas, de participación voluntaria, para obter datos que permitan a SELAE analizar cuestións do xogo responsable ou prevalencia dos seus xogos.

K) CAUSAS DE TERMINACIÓN DO CONTRATO DO XOGO

Serán causas de terminación do Contrato do Xogo as seguintes:

- Concorrenza de calquera das causas de cancelación do Rexistro de usuario e correlativa Conta do xogo.
- Ausencia do consentimento expreso do Participante para modificación da relación contractual nos supostos de modificación unilateral do contrato ou novación subxectiva do Operador.
- Perda por parte do Operador dos títulos habilitadores que o autorizan para o exercicio da actividade do xogo.

A extinción do Contrato do Xogo implica:

- A liquidación que proceda legalmente de todas as operacións que estiveren pendentes, tanto do xogo como transaccións económicas, sen prexuízo da facultade do Operador de denegar o aboamento dos premios ou a descarga dos importes da Conta do xogo cando resultar procedente, consoante a causa de terminación do Contrato.
- A supresión do rexistro do usuario do Participante. Os datos persoais do Participante serán cancelados e quedarán bloqueados ata que se borren definitivamente cando corresponder.

A extinción do Contrato do Xogo poderá acordarse, sen prexuízo do exercicio doutras accións, que puidesen proceder en dereito para a defensa dos intereses das partes, como, por exemplo, a reclamación de danos e perdas.

L) EFICACIA E DURACIÓN DO CONTRATO DO XOGO

O presente Contrato entrará en vigor a partir do momento da súa aceptación expresa polo Participante, manifestada mediante a marcación no campo correspondente, e manterase vixente de maneira indefinida en canto non se producir a súa terminación por algunha das causas sinaladas no apartado anterior.

No caso de que o contido do Contrato fose modificado, de forma unilateral, polo Operador ou se producise unha novación subxectiva deste, quedaría este substituído polo novo, se o Participante consentir expresamente, a través do medio facilitado polo Operador para o efecto, o mantemento da relación contractual, e quedará, noutro caso, extinguido o Contrato. O Operador notificará o Participante do prazo que disporá para expresar o seu consentimento ata acadar a condición de extinción.

M) TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Información xeral

O cumprimento do obxecto deste contrato implica o tratamento por SELAE de datos persoais («**Datos persoais**») do usuario. SELAE declara respectar escrupulosamente o dereito fundamental do usuario relativo ao tratamento dos seus datos persoais e o estrito cumprimento da normativa vixente.

Identifícase, de forma non limitadora, para os efectos da normativa e o cumprimento en materia de protección de datos persoais:

- O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que se refire ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos («**RXPD**»).
- A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais («**LOPDXDD**»).
- Así como a normativa de desenvolvemento que resultar de aplicación.

A finalidade do tratamento é a correcta xestión operativa, comercial e legal da participación do usuario nos xogos de SELAE cando dita participación é identificada e, polo tanto, o uso da plataforma.

Infórmase de que existen varios pasos diferenciados no tratamento do rexistro (detallados no apartado E) Rexistro do Usuario). O primeiro está relacionado coa comprobación dos datos de rexistro e da posibilidade de se rexistrar, en consulta automatizada coa DXOX, para o cal se obteñen unicamente os datos estritamente necesarios. No caso de que o usuario poida ser rexistrado, prodúcese un segundo paso, que implica a recollida de datos adicionais, se ben estritamente necesarios, e a sinatura do contrato do xogo.

No caso de que o usuario sexa rexeitado no primeiro paso, o interesado pode solicitar o apoio do equipo de SELAE, e en calquera caso pode exercer o seu dereito a solicitar que a decisión non se efectúe de forma automatizada.

O usuario poderá rectificar e actualizar diversos datos persoais en calquera momento a través da plataforma, en réxime de autoservizo. Pode tamén solicitar alteracións a través do Servizo de Atención ao Cliente, nótese que tales peticións se tramitan como peticións de servizo e non como exercicios de dereitos de protección de datos.

Fornécese a seguir a información debida relativa ao tratamento de datos persoais, que usa a técnica de capas:

Información sobre a Capa I

Información básica sobre protección de datos	
Referencia	Información
Responsable do tratamento	SOCIEDAD ESTATAL LOTERÍAS Y APUESTAS DEL ESTADO, S. M. E., S. A. (SELAE) - A86171964.
Finalidades	<p>Xestión da participación nos xogos de SELAE, cando a participación se identifica a través da plataforma, que inclúe os aspectos asociados ao uso da plataforma, inclusive a título expositivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Altas, modificacións e baixas na relación e, por tanto, na plataforma. - Compra, pagamento e cobro de premios, dentro de todas as modalidades de xogo, individual ou en grupo. - Asistencia e relación entre o usuario e SELAE, inclusive asistencia, información, queixas, suxestións, felicitacións e reclamacións. - Actividades asociadas ás funcións, calidade e seguridade da plataforma, incluídas enquisas sobre o servizo, bloqueo de contas de usuarios e instalación de cookies no navegador, conforme a política de cookies establecida. - Actividades asociadas ao cumprimento legal, incluídos os aspectos da Lei do xogo, prevención do branqueo de capital, prevención da fraude e os aspectos normativos que foren de aplicación, inclusive a xestión de dereitos de datos persoas. - Actividades asociadas á identificación e verificación documental. - Actividades ligadas á detección de comportamentos de risco das persoas usuarias e demais obrigas derivadas do Real Decreto 958/2020, do 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades do xogo. - Actividades asociadas á mellora e evolución dos xogos, inclusive actividades de disociación de datos, estudos estatísticos e analítica/big data. - Actividades asociadas á xestión responsable do xogo e do apoio ao xogo responsable do usuario. - Xestión dos procesos internos de SELAE. - Prestación de servizos adicionais, algúns dos cales inclúen comunicacións informativas e comerciais, sempre baixo a solicitude do interesado.
Lexitimación. Base xurídica	<p>As bases lexitimadoras do tratamento son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Execución dun contrato. - Cumprimento dunha obriga legal. - Consentimento do interesado, no caso de tratamentos que o requiran.

	- Interese lexítimo.
Destinatarios	<p>Comunicacións económicas a entidades financeiras (bancos e xestores de instrumentos de cobro/pago) usadas polo participante e por SELAE para cobros de produtos e pagamentos de premios.</p> <p>Non se efectuará comunicación a outras entidades, agás aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal a entidades que, entre outras, inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Dirección Xeral de Ordenación do Xogo («DXOX»). - Autoridades fiscais. - Outros, como o SEPBLAC, as forzas e os corpos de seguridade do Estado, xuíces, Ministerio Fiscal, xulgados e tribunais e outras administracións públicas ou autoridades que o requiran no exercicio das súas competencias. - Outros, como notarios, procuradores, fedatarios e avogados. <p>Tamén se poderán utilizar provedores de servizos, para a prestación de servizos tales como: auditorías da funcionalidade, calidade e seguridade da plataforma, estudos estatísticos e analítica da plataforma, por conta de SELAE.</p> <p>Non se producen transferencias internacionais (cesións ou comunicacións de datos persoais a terceiros países ou organizacións internacionais fóra do Espazo Económico Europeo).</p> <p>SELAE podería contar con encargados de tratamento, establecidos no Espazo Económico Europeo ou en países declarados de nivel adecuado pola Comisión Europea ou que ofrecen garantías axeitadas.</p>
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información seguinte.
Procedencia dos datos	<p>O interesado.</p> <p>A DXOX en termos de viabilidade de rexistro do participante e a capacidade do xogo.</p> <p>Entidades bancarias do interesado.</p>
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na información a continuación.

Información sobre a Capa II ou información adicional

Réxime de aplicación en protección de datos persoais

O cumprimento do obxecto deste contrato implica o tratamento por SELAE de datos persoais, e identifícanse, para efectos de normativa e cumprimento de protección de datos persoais («**Datos persoais**»):

- O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que se refire ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos («**RXPD**»).
- A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais («**LOPDXDD**»).
- Así como a normativa de desenvolvemento que resultar de aplicación.

Identidade do responsable do tratamento

De conformidade coa normativa aplicable, o responsable do tratamento dos datos persoais do usuario é SOCIEDAD ESTATAL LOTERÍAS Y APUESTAS DEL ESTADO, S. M. E., S. A. (no

sucesivo, «SELAE»), cuxos datos de contacto poderá encontrar no comezo deste Contrato e a seguir:

SOCIEDAD ESTATAL LOTERÍAS Y APUESTAS DEL ESTADO, S. M. E., S. A. (SELAE)

NIF: A-86171964

Enderezo: C/Poeta Joan Maragall, 53, 28020 (Madrid).

Teléfono: 900 11 23 13 / 91 596 23 00 (Servizo de Atención ao Cliente)

Contacto co delegado de Protección de Datos:

- Correo postal: SELAE, Rexistro de servizos de «Protección de Datos», C/Poeta Joan Maragall 53, 28020 Madrid
- Enderezo electrónico: formulario <https://www.loteriasyapuestas.es/es/contacto-proteccion-datos>

SELAE declara respectar os requisitos da normativa vixente sobre protección de datos persoais, en concreto con relación á protección e o cumprimento do deber de segredo dos datos persoais, e declara aplicar, polo menos, as medidas técnicas e organizativas axeitadas, conforme a lexislación aplicable.

Finalidades do tratamento:

En cumprimento do principio de limitación de finalidade, SELAE só solicitará e procesará os datos persoais axeitados, pertinentes e limitados con respecto ás finalidades para as cales se obtiveron. Estas finalidades son determinadas, explícitas e lexítimas. Os datos recollidos e o seu propósito específico, xunto co período de conservación e a consecuencia de non proporcionarlos, son:

A xestión da participación nos xogos de SELAE, cando a participación se identifica a través da plataforma, que inclúe os aspectos asociados ao uso da plataforma, inclusive a título expositivo:

- Altas, modificacións e baixas na relación e, por tanto, na plataforma.
- Compra, pagamento e cobro de premios, dentro de todas as modalidades de xogo, individual ou en grupo.
- Asistencia e relación entre o usuario e SELAE, inclusive asistencia, información, queixas, suxestións, felicitacións e reclamacións.
- Actividades asociadas ás funcións, calidade e seguridade da plataforma, incluídas enquisas sobre o servizo, bloqueo de contas de usuarios, actividades de disociación de datos, estudos estatísticos e analítica/big data, e instalación de cookies no navegador, conforme a política de cookies establecida.
- Xestión dos procesos internos de SELAE.

As actividades asociadas ao cumprimento legal, inclusive a identificación e verificación documental e os demais aspectos e obrigas derivados da (i) Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, (ii) Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, (iii) Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e outros aspectos normativos que foren aplicación, inclusive a xestión de dereitos de datos persoais. No caso da prevención do branqueo, o tratamento prodúcese con relación á compra do produto ou cobro dos premios estipulados nesta.

As actividades ligadas á detección de comportamentos de risco das persoas usuarias e demais obrigas derivadas do Real Decreto 958/2020, do 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades do xogo.

As actividades asociadas á xestión responsable do xogo e do apoio ao xogo responsable do usuario, como as enquisas de participación voluntaria.

Prestación de servizos adicionais, algúns dos cales inclúen comunicacións informativas e comerciais, sempre baixo a solicitude do interesado.

Categorías de datos persoais tratados en función das finalidades

1. Datos persoais obtidos por SELAE durante a comprobación na DXOX sobre a identidade e a posibilidade de participar do usuario (non se conservarán de non se completar o rexistro):

- Nome, primeiro e segundo apelido (segundo apelido, opcional).
- Data de nacemento: día, mes, ano.

- NIF ou NIE
 - Tratamento (SR. SRA.)
 - Resultado captcha ou medida equivalente
2. Datos Personais obtidos por SELAE para rematar o rexistro:
- Correo electrónico
 - Contrasinal
 - Pregunta de seguridade
 - Resposta secreta
 - País de residencia
 - Domicilio postal incluído o código postal
 - Rexión fiscal
 - Nacionalidade
 - Número de teléfono (opcional, poderá utilizarse para garantir o dobre factor de autenticación)
 - IBAN para aboamento de premios
 - Identificador e enderezo do teu punto de venda asociado
 - Imaxe/voz, relacionados co seu documento de identidade e a gravación de voz en chamadas realizadas a SELAE ou na entrega de premios (neste último caso, baixo o seu consentimento).
 - Resultado de verificación documental e data de validez desta.
3. Datos persoais obtidos en cumprimento da normativa de xogo responsable:
- Resultados do cuestionario ou enquisa do xogo responsable ou prevalencia
 - Acceso ás seccións requiridas do xogo responsable (si/non)
4. Datos persoais obtidos con fins comerciais:
- Nome (no inclúe apelidos).
 - Correo electrónico (de activarse a canle).
 - Número de teléfono (de activarse a canle).
 - Data de nacemento (enquisas)
5. Datos persoais obtidos para fins de cumprimento da normativa do xogo responsable:
- Xogador de risco (Si/Non).
 - Datos de detección.
6. Datos persoais obtidos para fins de cumprimento da normativa de prevención do branqueo de capitais e da execución deste Contrato do Xogo:
- Formulario de coñecemento adicional do cliente.
7. Datos persoais recibidos de terceiros a través de cesións para as anteriores finalidades:
- Admisión ao xogo (DXOX).
 - Transferencias de entidades financeiras.
8. Datos que poderán xerarse como consecuencia do uso polo usuario da plataforma:
- Identificadores asociados (PlayerID, B-ID)
 - Apostas formuladas.
 - Premios recibidos.
 - Ingresos e pagamentos.
 - Apostas xogadas en grupo.
 - Grupos participativos.
 - Estado de bloqueo.
 - Rexistros do SAC.
 - Exercicio de dereitos.
 - Token para transaccións con entidades financeiras.

Prazo de conservación

Os datos persoais trátanse en canto o usuario estea dado de alta na plataforma e, naqueles casos en que a base xurídica do tratamento for o consentimento, mentres o usuario non o retirar ou revogar. Desde a baixa efectiva da Plataforma, ou ao retirar o consentimento, dáse por concluído o Contrato e os datos persoais conservaranse bloqueados ata finalizar o prazo de conservación por imposicións legais en cada caso, que non excederá do prazo de 10 anos, para garantir os preceptos establecidos na normativa de prevención do branqueo de capitais.

Nos supostos de peticións de baixa de usuarios que incumpran as normativas de uso da plataforma, estes poderán incluírse en listas de contas bloqueadas por SELAE cos datos persoais mínimos indispensables que permitan identificalos e impedir que volvan darse de alta na plataforma.

Consecuencia de NON se proporcionaren os datos

Se non se fornecen os datos obrigatorios precisos para comprobar coa DXOX a identidade do usuario, ou aqueles obrigatorios para o rexistro, non se poderá levar a cabo o rexistro do usuario, e terá como consecuencia a imposibilidade de participar nos xogos de SELAE.

No caso de deixar de facilitar a información de carácter identificador indispensable para garantir o cumprimento das obrigas legais derivadas da normativa do xogo, SELAE verase obrigada a suspender a conta do usuario, con imposibilidade de participar nos xogos de SELAE.

Así mesmo, se, ao ser obrigatorio no momento do rexistro na plataforma con posterioridade a este, se deixa de fornecer a información relativa ao identificador e o enderezo do punto de venda asociado, o usuario non poderá participar na lotería nacional.

No suposto de non fornecer o número de teléfono (dato opcional), non se poderá facilitar o dobre factor de autenticación nin se poderán recibir notificacións relacionadas coas funcións, calidade e seguridade nin se poderá acceder aos servizos adicionais, algúns dos cales inclúen comunicacións informativas e comerciais, sempre baixo a solicitude do interesado.

Bases xurídicas do tratamento:

As bases xurídicas do tratamento son as seguintes:

- Execución deste Contrato de Xogo.
- Cumprimento de obrigas e necesidades legais: (i) Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo («Lei do Xogo»); (ii) Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo; (iii) Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; (iv) Real Decreto 958/2020, do 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades de xogo; e (v) Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo; (vi) Real Decreto 958/2020, do 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades do xogo.
- Outras normas aplicables a SELAE.
- Consentimento do usuario.
- Interese lexítimo.

A base xurídica de execución do Contrato e o cumprimento de obrigas legais refírese á participación do usuario e uso da plataforma.

A base xurídica do consentimento aplica a aqueles servizos non acomodados en ningunha das bases xurídicas e de servizos adicionais especificados no Contrato ou ofrecidos pola plataforma que poidan requirir consentimento, e que o usuario poida xestionar a través do correspondente panel de selección da zona de usuario, xeralmente referidos ao envío de información ou comunicacións comerciais sobre produtos e servizos de SELAE relativos ao sector do xogo.

Destinatarios dos datos persoais

Están previstas as seguintes cesións de datos persoais:

1. Comunicacions económicas a entidades financeiras (bancos e xestores de instrumentos de cobro/pago) usadas polo participante e por SELAE para cobros de produtos e pagamentos de premios.
2. Comunicacions realizadas por obriga ou necesidade legal a entidades que, entre outras, inclúen:
 - A Dirección Xeral de Ordenación do Xogo («DXOX»), ou órgano de autorización e supervisión do sector dos xogos. As comunicacións para o exercicio das súas funcións e o cumprimento de SELAE, que inclúen a verificación de identidade e prohibicións subxectivas, o control do xogo e, de ser o caso, cando corresponda para cumprir con outras obrigas ou requirimentos legais.
 - Autoridades fiscais, incluída a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as correspondentes autonómicas, para o ingreso das retencións realizadas nos premios superiores e na satisfacción de cantas obrigas fiscais se establecen normativamente.
 - Outros, como o SEPBLAC, as forzas e os corpos de seguridade do Estado, xuíces, Ministerio Fiscal, xulgados e tribunais e outras administracións públicas ou autoridades que o requiran no exercicio das súas competencias. Para efectuar a comunicación, é necesario un requirimento documentado que resulte pertinente.
 - Outros, como notarios, procuradores, fedatarios e avogados, para satisfacer necesidades xurídicas que poidan xurdir para a defensa legal dos intereses de SELAE.
3. Tamén se poderán utilizar provedores de servizos para a prestación do servizo obxecto do Contrato, en nome de SELAE, principalmente relacionados con servizos de TT. II., comunicacións e notificacións, e servizos de auditoría, xestión e consultoría.
4. Non se producen transferencias internacionais (cesións ou comunicacións de datos persoais a terceiros países ou organizacións internacionais fóra do Espazo Económico Europeo).
5. SELAE podería contar con encargados de tratamento, establecidos no Espazo Económico Europeo ou en países declarados de nivel adecuado pola Comisión Europea ou que ofrecen garantías axeitadas.

Exercicio de dereitos e datos de contacto do delegado de protección de datos

O usuario ten dereito a solicitarlle a SELAE que exercite os seus dereitos en relación cos seus datos persoais.

SELAE, como responsable do tratamento, garante ás partes interesadas o exercicio dos dereitos de protección de datos legalmente establecidos, nos termos descritos na normativa aplicable, que son os seguintes dereitos:

- Acceso aos seus datos persoais. Os usuarios poderán acceder aos seus datos persoais en calquera momento e solicitar información con respecto ao tratamento dos seus datos persoais, por parte de SELAE.
- Rectificación ou eliminación dos seus datos persoais. Os usuarios terán dereito a solicitar a rectificación dos datos persoais cando estes foren inexactos ou incompletos.
- Supresión. Os usuarios poden solicitar que os seus datos persoais se supriman e deixen de se tratar se xa non son precisos para os fins para os cales se recolleron ou retiraren o seu consentimento, se se trataron ilícitamente ou doutra forma for legalmente establecido.
- De limitación ao seu tratamento. Os usuarios terán dereito a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos persoais cando legalmente así se establecer.
- A se oporen ao tratamento. Os usuarios terán dereito a se oporen ao tratamento dos seus datos persoais con fins de envío de comunicacións comerciais ou cando legalmente así se establecer.
- Portabilidade dos datos. Os usuarios terán dereito a recibiren os seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e a transmitírenos a outro responsable do tratamento.
- Exclusión de decisións automáticas e a solicitar o dereito a intervención humana, expresaren o seu punto de vista ou impugnaren a decisión, sempre e cando non se

realizaren en cumprimento dunha obriga legal.

- A retiraren o consentimento, cando este sexa a base xurídica do tratamento. Os usuarios terán dereito a retiraren o consentimento prestado, en calquera momento, cando este sexa a base xurídica do tratamento. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo a súa retirada.
- A calquera outro dereito incluído na normativa vixente.

O usuario pode exercer os seus dereitos:

- a) Ben mediante solicitude por escrito debidamente asinada e enviada por correo postal a: SELAE, Rexistro de servizos de «Protección de datos», c/Poeta Joan Maragall 53, 28020 Madrid, coa referencia «Exercicio de dereitos», indicando claramente e expresamente o tratamento referido no exercicio do dereito, a petición ou dereito exercido, así como o nome, os apelidos e o enderezo postal para que SELAE poida tramitar a resposta, e anexar unha copia do documento de identificación fidedigno (DNI, NIE, pasaporte ou licenza de condución) por ambos os dous lados, a fin de identificalo de forma inequívoca. SELAE tratará estes datos persoais sobre a base lexítima do cumprimento legal, co único propósito de responder ao seu exercicio de dereitos.
- b) Ou mediante unha solicitude enviada a través do formulario de comunicación co delegado de Protección de Datos en <https://www.loteriasyapuestas.es/es/contacto-proteccion-datos>. A tramitación do exercicio de dereitos precisa imprescindiblemente do achegamento da imaxe do documento de identificación fidedigno por ambos os lados. Debe proporcionar un enderezo de correo electrónico de contacto dunha caixa de correos estable onde poida recibir comunicacións e onde poida, así, SELAE remitirle a súa resposta. Tamén ten dereito a contactar co delegado de Protección de Datos de SELAE; contacto que poderá efectuar mediante o uso dos mecanismos anteriormente descritos. O usuario poderá retirar calquera consentimento que prestase sen que isto afecte a licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada. Quedan á súa disposición, amais da modificación na plataforma mediante autoservizo a través do correspondente panel de selección, o Servizo de Atención ao Cliente, ou o delegado de protección de datos.

Reclamación perante unha autoridade de control

Os participantes teñen dereito a obter a tutela da Axencia Española de Protección de Datos, autoridade independente de control do cumprimento da normativa de protección de datos.

Existencia de decisións automatizadas (incluída a elaboración de perfís)

Non se elaborarán perfís que non sexan requiridos pola Lei do xogo e a normativa aplicable. Neste sentido, no momento do rexistro e durante a vixencia da relación contractual, realizaranse os seguintes procesos automáticos:

- Contrastar os datos provistos polo usuario coa DXOX e, seguindo as indicacións dos seus sistemas, rexeitar ou admitir o rexistro do usuario.
- Verificación da documentación identificadora.
- Verificación da incursión, ou non, no RXIAX (Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo).
- Comprobación da inclusión no RPVOX (Rexistro de Participantes Vinculados ao Operador do Xogo).
- Comprobación de incumprimentos por parte do usuario da normativa de uso da plataforma.
- Supresión automática dos usuarios que permaneceren totalmente inactivos durante catro anos.
- Detección de comportamentos de risco das persoas usuarias e outras obrigas derivadas do Real Decreto 958/2020, do 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades do xogo e prevención do branqueo de capitais.
- Verificar que o Participante non se encontra en causa de suspensión ou cancelación, de acordo co indicado no Apartado E).

Adicionalmente ao anterior, durante a vixencia do presente Contrato, poden darse situacións transitorias de indispoñibilidade ou bloqueo de todas ou algunha das funcións do Rexistro do usuario, Contas do xogo e, en xeral, da plataforma, e en situacións tales como: superar o máximo

número de tentativas de inicio de sesión, contrasinais en corentena, alteracións nos contrasinais en curso e semellantes paralizacións.

No caso de non estar de acordo con algunhas destas decisións o usuario pode contactar co Servizo de Atención ao Cliente a través dos mecanismos de exercicio de dereitos indicados anteriormente.

Procedencia dos datos persoais

Todos os datos son recompilados do interesado, agás:

- A viabilidade do rexistro do participante e a situación relativa á capacidade do xogo (non prohibición do xogo), cuxa información será cedida pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo.
- As entidades bancarias do interesado.

N) COMUNICACIÓN. SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE:

SELAE pon á disposición do Participante distintos medios de contacto para consultas relacionadas coa Plataforma, co Rexistro de usuario (perda, subtracción ou utilización non autorizada do contrasinal, cancelación do Rexistro de usuario, etc.), as apostas en liña ou os premios, ben como calquera consulta relacionada con SELAE ou co presente Contrato, e para a presentación de queixas e reclamacións. Sen prexuízo do indicado no apartado sobre protección de datos persoais, os Participantes dispoñen dos seguintes medios:

- Formulario da web www.loteriasyapuestas.es (<https://www.loteriasyapuestas.es/es/contacto>), perfectamente identificable polos usuarios e do cal queda constancia da data e hora da recepción.
- Chamada telefónica ao teléfono: 900 11 23 13 / 902 11 23 13 / 91 596 23 00.

As modificacións destes datos de contacto publicaranse na plataforma.

O) LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN

O presente Contrato réxese pola lexislación española. A relación entre o Participante e o Operador formalizada mediante o presente Contrato do Xogo constitúe unha relación de carácter privado e, polo tanto, as disputas ou controversias que puidesen xurdir entre eles estarán suxeitas aos xulgados e tribunais españois da orde xurisdiccional civil, sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora exercida pola DXOX, no ámbito das súas competencias.

O anterior sen prexuízo da facultade do Participante de acudir a algún dos medios de resolución de controversias dispoñibles, legal e contractualmente, para a protección dos seus dereitos e intereses lexítimos fronte ás decisións do Operador. En concreto, o Participante poderá acudir á xurisdición competente por razón do seu domicilio. Poderá tamén someter calquera reclamación relativa a obrigas contractuais derivadas do presente Contrato, interposta directamente por el perante o Operador, e non resolvida satisfactoriamente, un procedemento de resolución de litixios a través da plataforma europea de resolución de litixios en liña (RLL), que está dispoñible aquí <https://ec.europa.eu/consumers/odr/main/>.

P) XERAL

i) Responsabilidade do Operador:

SELAE non é responsable dos danos ou perdas directos ou indirectos derivados do uso dos servizos ofrecidos a través da plataforma ou dos seus contidos, inclusive danos a sistemas informáticos incluída a introdución de aplicacións daniñas, sexan virus ou outras. Igualmente, SELAE non será responsable dos atrasos ou fallos que se produciren no acceso, funcionamento e operatividade da plataforma, ou nos servizos ou contidos, e tampouco das interrupcións, suspensións ou o mal funcionamento deste, cando tivesen a súa orixe en avarías producidas por

catástrofes naturais ou situacións de forza maior, ou de urxencia extrema, tales como folgas, ataques ou intrusionés informáticas ou calquera outra situación de forza maior ou causa fortuíta.

ii) Dereitos de propiedade intelectual e industrial:

Todos os contidos e servizos ofrecidos a través da plataforma, inclusive textos, información, datos, programas, signos distintivos, marcas, nomes comerciais, contidos multimedia, gráficos, imaxes, animacións, creacións musicais, vídeos, sons, deseños, fotografías, todos os comentarios, exposicións e código html desta e outros contidos da plataforma, sen que esta enumeración tiver carácter limitativo (no sucesivo, os «Contidos da plataforma») son titularidade de SELAE ou das súas licenciantes, inclusive os dereitos de propiedade intelectual e industrial derivados deles. Queda prohibida a utilización, reprodución, transmisión, transformación, distribución, comunicación, ou explotación da plataforma e dos contidos da plataforma ou de parte destes de calquera modo por parte do Participante, salvo de conformidade co establecido no parágrafo seguinte.

SELAE outorga aos Participantes unha licenza limitada, non exclusiva, polo tempo de duración do contrato, non sublicenciable nin transferible para utilizar a plataforma, e os contidos da plataforma, da forma estritamente necesaria para o uso dos servizos ofrecidos na plataforma. Baixo ningún concepto, o Participante poderá realizar un uso ou utilización dos servizos da plataforma ou dos contidos da plataforma que non sexa exclusivamente persoal, agás nas excepcións que se prevexan.

Os Participantes tamén deberán absterse de suprimir, alterar, eludir ou manipular calquera dispositivo de protección ou sistemas de seguridade que poidan estar instalados na plataforma.

Os Participantes recoñecen e aceptan que a utilización da plataforma e dos contidos dela non supón a cesión, ao seu favor, de ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial sobre esta ou sobre os contidos nela, e tampouco constitúe autorización para a creación de desenvolvementos derivados da plataforma ou dos contidos da plataforma, agás na licenza de uso limitada que se concede aos Participantes para utilizar a plataforma e os contidos da Plataforma, nos termos previstos neste apartado.

Pola súa parte, os Participantes conceden a SELAE, de ser o caso, un dereito de uso non exclusivo, ilimitado, íntegro, transferible, gratuíto e susceptible de sublicenza, sobre os datos que non sexan de carácter persoal, en especial os datos técnicos ou aqueles datos cuxa referencia persoal fose suprimida (datos anonimizados).

iii) Idioma.

O idioma en que se encontra redactado e no cal se subscribe o presente Contrato do Xogo é o castelán. Calquera tradución a un idioma distinto terá un valor meramente informativo e prevalece, en todo caso, a versión en castelán.

iv) Integridade do Contrato

No caso de que unha cláusula do presente Contrato fose declarada nula de pleno dereito ou ineficaz, as Partes consenten a integridade do Contrato, de forma que unicamente sexa nula ou ineficaz a cláusula ou parte da cláusula do Contrato así declarada, que se terá por non posta, e subsistirá o resto das cláusulas, e non afectará a súa validez nin extinguirá a relación xurídica entre as Partes. O anterior sempre que non afecte unha parte esencial do Contrato, cuxa supresión determine unha mingua significativa no equilibrio das prestacións recíprocas entre as partes.

v) Aceptación do Contrato de Xogo:

O Participante entende que a información contida na plataforma e na descrición dos servizos ofrecidos a través desta, ben como as condicións de uso da plataforma e o presente Contrato do Xogo, son bastantes e suficientes para a exclusión de erro na formación do consentimento. O Participante manifesta expresamente entender e aceptar plenamente e sen reservas o contido do presente Contrato do Xogo e tivo acceso a información precontractual completa sobre a cal

fundamentou a súa decisión de aceptar o presente Contrato do Xogo. Para calquera dúbida con respecto deste Contrato, poderá pórse en contacto co Operador a través dos medios previstos no apartado N. O Participante coñece e acepta expresamente o contido das condicións de uso da plataforma e do Contrato do xogo, ao cal se adhire de maneira expresa, en virtude da marcación no campo respectivo.